



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Practicum I	Código	652G01028	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 90 créditos.			
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Castro Rodríguez, M <sup>a</sup> Montserrat Depalma Ungaro, Renee Digon Regueiro, Alba Patricia Espido Bello, Xosefa Eva Longueira Matos, Silvana Mendez Garcia, Rosa Maria Muñoz Cantero, Jesus Miguel Porto Rioboo, Ana Maria Rouco Ferreiro, Javier Francisco Santorum Paz, Maria Rosa	Correo electrónico	maria.castror@udc.es r.depalma@udc.es patricia.digon@udc.es eva.espido.bello@udc.es silvana.longueira@udc.es rosa.mendez@udc.es jesus.miguel.munoz@udc.es ana.prioboo@udc.es javier.rouco@udc.es rosa.santorum@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			
Descrición xeral	<p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 9 créditos da materia (225 horas), o 55% son de carácter presencial (135 horas) e o 45% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (90 horas).</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 10 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Prácticum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da titulación.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordados cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trío investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanza universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Prácticum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación



A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
A19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
A20	Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade no contorno escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso harmónico e integral dos estudantes.
A22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
A31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
A59	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
A62	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A64	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.
A65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
A66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novidosas.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
	A5	B2	
Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A19	B4	
	A20	B5	
	A22		
	A30		
	A31		
	A66		



Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa	A59 A66	B16 B18 B24 B25	
Observar a actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a práctica, e asumindo a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais.	A23 A65	B1 B3 B8 B9 B15 B17	C4
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A62	B3	C7
Reflexionar sobre as propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A64		C4 C7
Comportarse con ética e responsabilidade social como profesionais dun centro educativo		B6 B22 B24	
Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito		B11 B12	

Contidos	
Temas	Subtemas
A organización das institucións educativas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os órganos de goberno do centro e os órganos de coordinación das actividades que nel se desenvolven</li> <li>- O réxime de funcionamento do centro: proxectos, programas, plans, horarios etc.</li> <li>- A cultura do centro escolar</li> </ul>
O coñecemento do currículo da educación infantil e a súa concreción de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os niveis de concreción, o seu grao de coherencia e contextualización: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula</li> <li>- O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc.</li> </ul>
A xestión da aula na educación infantil como marco de referencia para un desenvolvemento integral que se constitúa como base da aprendizaxe ao longo da vida	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios de procedemento didácticos para a organización da vida na aula</li> <li>- Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas</li> <li>- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación infantil</li> <li>- A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias</li> <li>- A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica</li> </ul>
A reflexión sobre a práctica observada como ferramenta para a innovación e a mellora	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido</li> <li>- Técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos</li> <li>- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas</li> </ul>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	125	0	125
Portafolios do alumno	0	80	80
Análise de fontes documentais	0	10	10
Seminario	10	0	10



Atención personalizada	0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 125 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc.
Portafolios do alumno	Ver documento en Anexos
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.
Seminario	<p>1. 1 Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Prácticum.</p> <p>2. Selección de centro (2 horas).</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Prácticum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Prácticum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional.</li> <li>- De avaliación, para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</li> </ul>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario Saídas de campo Portafolios do alumno	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O/a titor/a da Institución supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.</li> <li>- O/a titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.</li> <li>-O/a titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.</li> <li>-Na medida do posible un dos contactos co centro terá forma de visita.</li> <li>-Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</li> </ul>

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Seminario	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Saídas de campo	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	45
Portafolios do alumno	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocrítica Orixinalidade da proposta	45

### Observacións avaliación

#### a) Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas pedagóxicas e portafolios.

#### b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

1. As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

2. Os seminarios non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

#### c) Cualificacións:

1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.

2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

3. Non realizar as practicas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de 4 na materia, que se corresponde con un 10 nas practicas pedagóxicas.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica



Bibliografía complementaria

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías